

X TRAVESIA A NADO
"FESTAS DO CARME DOS PINCHEIROS"
VII CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS
A POBRA DO CARAMIÑAL 2009

1.- ORGANIZACIÓN:

- Correrá a cargo da Concellaría de Deportes da Pobra do Caramiñal.
- Rexerese polo regulamento e polas normas da Federación Galega de Natación.

2.- TEMPORALIZACIÓN:

- **DATA:** Sábado 22 de Agosto de 2009
- **HORA:** 18:00h da tarde
- Rampla do pantalán, sita detrás da Praza de Abastos – A Pobra do Caramiñal

3.- CATEGORÍAS:

A participación esta aberta a tódolos/as nadadores/as que o desexen, federados/as e non federados/as, entendéndose como nadadores federados os posuidores de licencia federativa en virgor na tempada 2008/2009 en calquera federación territorial dependente da Federación Española de Natación.

CATEGORÍAS

MASCULINA E FEMININA
A- 1991 e anteriores
B- 1994- 93-92
C- 1995 e posteriores
D- MASTER 1970 e anteriores

4.- PERCORRIDO:

- O percorrido será unha distancia aproximada de 1500mts para as categorías A e B tanto masculina como feminina, as categorías C e D cubrirán aproximadamente 800 mts; e desenvolveranse nun triangulo olímpico deixando sempre as balizas a nosa esquerda.
- Se algún participante da categoría C ou D quere optar a este premio, deberá renunciar a súa categoría e nadar os 1500.
- metros
- A saída e chegada levarase a cabo nas inmediacións da Rampla do Pantalán na Praza de Abastos.
- Farase en unha quenda ou dúas quendas (dependiendo da cantidade de participantes inscritos na proba).

5.- INSCRICIÓN:

- Nas inscricións deberán refrexar nome, apelidos, data de nacemento, DNI ou número de licencia federativa, teléfono de contacto e categoría na que se inscribe.
- Data límite: ata o xoves día 20 de agosto ás 14 horas nas oficinas de Deportes da Pobra do Caramiñal, sitas na Casa da Cultura e Xuventú na r/Gasset nº 55-57, ou mediante teléfono ou fax no nº:981832590 e no correo info@apobradeportes.com.
- Para máis información chamar o teléfono: **981.83.25.90**.
- Os clubs ou asociacións poden enviar unha relación nominal dos participantes con todos os datos requeridos.
- A inscrición da travesía supón a aceptación do presente regulamento.
- De xeito excepcional permítese a inscrición o mesmo día da proba, o sábado 22 de agosto, das 16:30 h. ás 17:30 h., na carpa que a organización terá instalada no lugar da proba.

6.- PREMIOS:

- Trofeos ós/ás Campións/as e ós/ás segundos/as e terceiros/as clasificados/as de cada categoría.
- Trofeo conmemorativo ó/a nadador/a máis xoven e mais veterán que remate a proba.
- Trofeo dun vale de 150€ na tenda de surf-sports *diskro surf shop*, o vencedor absoluto tanto masculino como feminino.
- Haberá unha bolsa de tentempé para ós/ás participantes e unha camiseta de regalo conmemorativa da proba, **para os 150 primeiros inscritos.**

7.- SEGURIDADE:

- Durante todo o percorrido da travesía contarase coa colaboración de cruz vermella e protección civil.

8.- NORMAS:

- A organización resérvase a capacidade de tomar decisións non previstas no regulamento.
- As decisións que a citada organización poida tomar son inapelables.
- O feito de participar na competición implica a aceptación de tódalas normas.
- Queda prohibida a utilización de axudas externas como aletas, frotadores, neoprenos e similares.
- A proba estará controlada polo Comité galego de árbitros da *FEGAN*, que resolverá todas as cuestións que se presenten no desenvolvemento da travesía.
- A organización pechará a chegada a meta transcorridos 20 minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso, os nadadores que estean no mar serán recollidos polas embarcacións da organización ou protección Civil para trasladalos a meta.
- **IMPORTANTE:** A organización poderá solicitarlle aos participantes o DNI no momento de retirar o dorsal ou en calquera momento se fora preciso comprobar algún dato, polo que se aconsella acudir á proba provisto deste documento.

NOTA: A organización declina toda a responsabilidade que por accidente ou outra causa poida afectar ós/ás participantes durante o desenvolvemento da proba. Para non ter problemas coas camisetas de regalo rogamos que fagan a inscrición coa maior antelación posible.